# BITeB

Boletín Informativo de Traballo e Benestar

**Consellería de Traballo e Benestar - abril 2013, n.º 84**







## A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta das liñas estratéxicas do seu departamento para este ano 2013

- O Plan demográfico inclúe un novo servizo de axuda no fogar para a infancia que comezará a funcionar o próximo ano
- Este novo servizo consistirá na asignación dun número de horas ao ano de atención dun profesional para o coidado de menores no fogar
- Avanzou que neste exercicio haberá tres obxectivos fundamentais: a mellora da empregabilidade; a aposta pola inclusión social; e a mellora dos servizos sociais
- Adiantou que se desenvolverá unha carteira de servizos para reforzar o Servizo Público de Emprego
- Na área laboral, destacou os novos incentivos á contratación do 2º e do 3º traballador por parte dun autónomo e fixo referencia á creación da marca 'Coopera' para facer visible o labor das cooperativas
- En canto ao benestar, citou entre outras prioridades a posta en marcha de medidas para o envellecemento activo e a prevención da dependencia e a modernización dos servizos sociais.

## Benestar convoca máis de 600 prazas para estadías en balnearios dirixidas ás persoas maiores de Galicia

- O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 12 de abril e os interesados xa poden acceder á información e ao modelo de solicitude na web http://traballoebenestar.xunta.es
- Esta iniciativa, enmarcada no Plan galego das persoas maiores 2010-2013, facilita ás persoas con menos recursos a posibilidade de gozar duns días de tratamento termal, emprazados en balnearios de Galicia
- A duración da estadía é de dez días (nove noites).

## Preto de 400 desempregados beneficiáronse ata o momento dos cursos de Empreganav para a inserción de traballadores do metal

- O programa, que executa o Goberno galego, ten como obxectivo a recolocación de 450 persoas e conta cun orzamento de 3,1 millóns de euros e foi acordado na Mesa do Naval do Diálogo Social




Informe do paro rexistrado

## O desemprego baixa en Galicia no mes de marzo en 1.636 persoas, o que a sitúa como a terceira comunidade na que máis descende

Sumario


| | | | |
|---|---|---|---|
| Consellería | 2-3 | Política social | 8-10 |
| Traballo e economía social | 4-5 | Xuventude e voluntariado | 11 |
| Formación e emprego | 6-7 | Publicacións | 12-13 |
| Informe do paro rexistrado | 7 | Normativa | 14-18 |


Créditos


Edita: Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas

Coordinación: Pepa Dabán Royo

Maquetación: Antonio Lameiro Ces

ISSN: 2254-7835

# A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta das liñas estratéxicas do seu departamento para este ano 2013

- O Plan demográfico inclúe un novo servizo de axuda no fogar para a infancia que comezará a funcionar o próximo ano
- Este novo servizo consistirá na asignación dun número de horas ao ano de atención dun profesional para o coidado de menores no fogar
- Avanzou que neste exercicio haberá tres obxectivos fundamentais: a mellora da empregabilidade, a aposta pola inclusión social e a mellora dos servizos sociais
- Adiantou que se desenvolverá unha carteira de servizos para reforzar o Servizo Público de Emprego
- Na área laboral, destacou os novos incentivos á contratación do 2º e do 3º traballador por parte dun autónomo e fixo referencia á creación da marca 'Coopera' para facer visible o labor das cooperativas
- En canto ao benestar, citou entre outras prioridades a posta en marcha de medidas para o o envellecemento activo e a prevención da dependencia, e a modernización dos servizos sociais



A conselleira de Traballo e Benestar, na súa comparecencia en Pleno

**Santiago, 26 de marzo de 2013.-** O borrador do "Plan para a dinamización demográfica de Galicia" inclúe entre outras medidas novidosas a creación dun servizo de axuda no fogar para a infancia, que comezará a funcionar o próximo ano. Consistirá na asignación dun número de horas ao ano de atención dun profesional para o coidado de menores no fogar.

Así o adiantou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na súa comparecencia no Parlamento galego para dar conta das liñas estratéxicas do seu departamento para o ano 2013.

Este servizo que vén recollido no Plan demográfico será "outro novo apoio á conciliación", que atenderá as necesidades das persoas coidadoras habituais de menores de 12 anos que non teñan outro xeito de facelo. Será un servizo público, prestado por persoal especializado, e terá un sistema de prezos en función da renda.

Mato sinalou que este mesmo ano levarase a cabo a súa regulación, e en 2014 iniciarase un programa piloto nas sete grandes cidades.

A esta medida de conciliación do plan, súmase tamén o novo recurso que constituirán as "casas niño", que estarán destinadas ao coidado personalizado de menores de 3 anos. Prestarase fundamentalmente en núcleos rurais que non conten con outros servizos de atención á infancia. Neste exercicio comezarase a regular a normativa, para en 2014 formar e acreditar as persoas coidadoras, que tamén terán acceso ás axudas de promoción do emprego autónomo. Entre 2014 e 2015 prevense a posta en marcha de 15 casas niño nas provincias de Lugo e Ourense.

Durante a súa intervención, Mato marcou os tres obxectivos fundamentais que guiarán o labor do departamento durante 2013: a mellora da empregabilidade dos galegos e galegas; a aposta pola inclusión social; e a mellora dos servizos sociais.

### Área laboral

No que se refire ao emprego, a titular do departamento autonómico avanzou que se está traballando no desenvolvemento dunha carteira de servizos que reforzará o Servizo Público de Emprego de Galicia. Con este fin, prepararase un decreto que identifique as súas funcións e actividades. "Este servizo ofrece moitas máis opcións que a mera tramitación de prestacións", subliñou Mato. Así, a través deste decreto, que estará listo a finais de ano, regularase un modelo organizativo único e unha carteira de servizos que recolla todos os recursos que se ofrecen nas oficinas. Terá unha dobre perspectiva: os servizos para demandantes de emprego, e tamén os destinados ás empresas.

En formación, destacou que este ano os cursos chegarán a unhas 14.000 persoas, e practicamente o 100 por cento serán certificables.

Por outra banda, fixo fincapé nos incentivos á contratación na empresa ordinaria, cun orzamento que se amplía nun 8 por cento, e que permitirá apoiar preto de 1.800 traballadores "para que consigan un contrato indefinido".

Lembrou, tamén, que nesta área a Consellería está a impulsar o contrato de formación (que combina un posto de traballo con cursos con recoñecemento oficial), en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia. No caso galego, a Xunta encargarase de financiar a formación que nun principio tería que ser asumida pola empresa.

No eido cooperativo, crearase este ano a marca 'Coopera', que buscará facer máis visibles aquelas cooperativas que están realizando unha boa xestión, especialmente en tres eixos: responsabilidade social, xestión medioambiental, e xestión de calidade.

A aposta polos autónomos e emprendedores será outro dos eixos da política laboral a través do investimento de máis de 25 millóns de euros para este colectivo, un 1 por cento máis que en 2012. Como novidade, incorpóranse os incentivos á contratación do 2º e 3º traballador. Permitirá beneficiar a 900 persoas –case o dobre que o ano anterior- e sitúa a Galicia como a segunda comunidade autónoma en implantar estas axudas.

### Demografía e envellecemento activo

Na súa intervención, Mato insistiu en que a revitalización demográfica será unha das prioridades. Ademais das medidas novidosas que anunciou, a conselleira remarcou que este plan contempla actuacións concretas a curto e medio prazo e recolle unha actuación transversal de todo o Goberno galego. Entre outros aspectos, destacou que o novo aumento progresivo das medidas fiscais converterá a Galicia na comunidade autónoma "que máis desgrava en todo o Estado".

Nesta liña de actuacións inscríbese tamén a aposta pola creación de prazas en escolas infantís: xa se teñen creado 3.000 e prevense para esta lexislatura outras 3.500.

Outra das liñas estratéxicas para este ano é a promoción da autonomía persoal dos maiores e o envellecemento activo, unha aposta que contribuirá ao benestar deste colectivo e á viabilidade do sistema.

Actualmente, está ultimándose a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia. Contará con máis de 400 propostas para conseguir que miles de galegos poidan previr a dependencia ata 2020.

Para cumprir cos obxectivos desta estratexia, unha das ferramentas que se empregará son as novas tecnoloxías. De feito, estase traballando nun plan de modernización dos servizos sociais da Xunta de Galicia, que se desenvolverá ao longo da lexislatura.

Entre outros avances relacionados coas tecnoloxías, Mato citou o expediente dixital en dependencia ou o programa de teleasistencia avanzada Miavizor.

### Coordinación sociosanitaria

A coordinación entre áreas é outras das metas marcadas. Para mellorala, constitúiuse hai unha semana a Comisión interdepartamental de coordinación de atención sociosanitaria de Galicia, e estase a desenvolver o Plan marco de atención sociosanitaria. Todo para impulsar a actuación coordinada entre os departamentos de Sanidade e Benestar.

A continuidade do compromiso coa dependencia marcará tamén as actuacións deste ano. En 2012, Galicia foi a segunda comunidade autónoma que máis altas deu en dependencia e nos primeiros meses de 2013 foi unha das cinco que aumentaron o número de beneficiarios.

A calidade dos servizos de atención é unha das prioridades da Consellería. Co fin de seguir avanzando neste eido, este ano aprobarase o decreto que regulará a carteira de servizos de atención á dependencia. Os usuarios van recibir os recursos que realmente precisa, en función das súas características.

Mato indicou que en 2013 blíndase a partida de atención á discapacidade; que neste período de sesións entrará no Parlamento a nova Lei de accesibilidade; e que neste exercicio tamén se creará unha rede autonómica de atención temperá cunha tripla perspectiva (sanitaria, educativa e de servizos sociais).

E, xa por último, indicou que a aposta pola inclusión se reflicte no aumento nun 38 por cento do orzamento da RISGA e nun 50 por cento para as AES. Anunciou tamén que neste período de sesións chegará ao Parlamento a nova Lei de inclusión social de Galicia, que ten como meta conseguir que as persoas en exclusión social saian desa situación.

En definitiva, concluíu Mato, trátase dunha "folla de ruta cuns obxectivos claros que se poden resumir en dous: as persoas e o crecemento económico da nosa comunidade".

# Feijóo avanza que o Plan de dinamización demográfica contará con novos beneficios fiscais e con beneficios en materia de vivenda e transporte público

**Santiago, 08 de marzo de 2013.-** O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou na rolda de prensa do Consello que o Plan de dinamización demográfica, que será remitido á Cámara para a súa aprobación de forma definitiva, contará con novos beneficios fiscais e con beneficios en materia de vivenda e transporte público. "En definitiva, -dixo- renovamos un compromiso e formulamos novas medidas fiscais, beneficios en materia de transporte e en materia de vivenda. Estamos falando de 90 millóns de euros, dentro dun plan de dinamización máis global para incentivar a natalidade en Galicia, nesta lexislatura".

Ao longo da súa intervención, Feijóo explicou que o documento amplía de 50 a 67 o número de medidas para atallar o problema demográfico, ao redor de catro áreas: sensibilización da cidadanía, "xa que é preciso profundar en campañas de información e de concienciación dun problema que temos como sociedade"; impulso socioeconómico á maternidade e á paternidade, fomentar estímulos que apoien a decisión dos galegos de converterse en pais "e, nesta lexislatura, crearemos outras 3.500 novas prazas de escolas infantís"; apoio ás familias, "fomentando a racionalización dos horarios, e facilitando o acceso á vivenda e ao transporte"; e mellorar a coordinación de todas as administracións públicas, "de tal xeito que sexa un asunto no que todos esteamos implicados para coordinar mellor as medidas e para racionalizar mellor os recursos públicos que poñemos a disposición".

Con respecto aos beneficios fiscais, o titular da Xunta recoñeceu que, a pesar dun escenario de cumprimento do déficit público, é necesario facer un esforzo adicional e, neste senso, avanzou o incremento dos recursos destinados aos beneficios fiscais para as persoas que decidan ter fillos na comunidade.



BITeB

# Traballo e economía social

## Traballo porá en marcha un proxecto piloto para axudar a pemes e autónomos en situación de crise

- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, mantivo en Santiago unha xuntanza con responsables da Cámara de Comercio de Santiago e a Fundación Incyde
- O obxectivo principal desta iniciativa, que executará a Fundación, é mellorar a competitividade das empresas mediante a impartición dun programa de formación específico.



**Santiago, 19 de marzo de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha un proxecto piloto para a diagnose e para a elaboración de plans de acción de mellora da competitividade das pemes e autónomos ante a crise no que colaborará coa Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa (Incyde).

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, mantivo hoxe unha xuntanza con responsables de Incyde e da Cámara de Comercio de Santiago para a execución desta actuación, que se enmarca dentro dos obxectivos de Europa 2020, a nova estratexia da UE para un crecemento intelixente, sostible e integrador. A finalidade é promover a formación das persoas e facilitar a súa incorporación ao mercado de traballo.

Martiñá destacou que a Xunta levará a cabo, xunto con Incyde, esta experiencia piloto, xa que promoverá a mellora das oportunidades de negocio das pequenas e medianas empresas dos sectores tradicionais; que conten con máis de 5 anos de antigüidade e un cadro de persoal entre 5 e 150 empregados; e que requiran apoio e asesoramento especializado nas áreas de innovación e transferencia de tecnoloxía, finanzas, márketing, comercial, xestión de procesos, internacionalización e comercio exterior.

Trátase de mellorar a competitividade mediante a impartición dun programa de formación específico, onde se analizará, de cada empresa participante, os seus elementos susceptibles de mellora. Para iso, transmitiranse conceptos, técnicas e ferramentas específicas de dirección en tempo de crise; diagnosticaranse problemas críticos por áreas funcionais; estableceranse prioridades e axuda na toma de decisións; e fixarase un calendario de posta en marcha de accións urxentes.

O número de participantes no proxecto piloto será de entre 15 e 25 empresas que teñan o perfil requirido. A duración do programa será de 8 semanas: impartiranse 32 horas de formación e 288 de titorización. En definitiva, Martiñá sinalou que do que se trata é de que as empresas poidan ser titorizadas para saír dunha situación de crise e acadar que se manteñan activas.

## Os accidentes en xornada laboral baixaron nun 24% e os mortais preto dun 14% en Galicia no ano 2012

**Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2013**.- Galicia rexistrou un total de 23.668 accidentes laborais no ano 2012 en xornada laboral, 7.473 menos que no 2011, o que supón unha redución dun 24%. Así o explicou a directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, en rolda de prensa para informar dos datos de sinistralidade correspondentes ao ano 2012, así como das actividades que levará a cabo o Instituto no 2013.

Quinzá-Torroja salientou que, por gravidade, os accidentes leves representan o 97,8 por cento do total. Ademais, destacou a redución dos accidentes mortais ocorridos durante a xornada laboral, o 0,2 por cento do total, que rexistraron unha minoración dun 13,46%, pasando dos 52 do ano 2011 aos 45 do 2012. A maioría foron por choques, golpes contra obxectos en movemento, infartos ou derrames.

Do total de accidentes laborais rexistrados no ano 2012 en xornada laboral, 23.137 foron leves, 486 graves e 45 mortais.

A minoración dos accidentes de traballo manifístase nas catro provincias galegas, cun maior descenso en Pontevedra, seguida de Lugo, A Coruña e Ourense. En concreto en Pontevedra descende o 27,32%, en Lugo descende o 23,06%, na Coruña o 22,50%, e en Ourense o 19,22%.

A tendencia á baixa manifístase en todos os sectores, sendo menor no sector da pesca. En concreto, na construción descende un 34,11%; na industria o 27,60%; na agricultura o 19,80%; e na pesca o 4,71%.

Respecto dos accidentes "in itinere" (os ocorridos durante os desprazamentos ao ir ou volver do traballo), no 2012 producíronse 2.891, 457 menos que no 2011 o que supón unha minoración dun 13,65%. Deles, 8 foron mortais.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total de accidentes laborais tamén descende en Galicia nun 20,16%. Unha tendencia á baixa que se manifesta en todos os sectores. Por orde de diminución, ocupa o primeiro lugar o sector da industria, cunha baixada dun 23,08%; seguido da construción, cun descenso 18,16%; o sector servizos, que caeu un 17,29%; o sector da agricultura, cun 15,79%; e o sector da pesca, cun 2,31%.

**http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/**




## Mato apoia o novo acordo galego dos axentes sociais sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo

- A conselleira de Traballo e Benestar presidiu a sinatura desta iniciativa que actualiza a ferramenta, adaptándose aos cambios lexislativos e abrindo novos camiños de actuación
- Esta actuación permitiu nos últimos 20 anos alcanzar unha solución negociada a conflitos laborais que afectaron a máis de 700.000 traballadores e 78.000 empresas
- En 2012, a porcentaxe de conflitos solucionados estivo en torno ao 90 por cento
- A titular do departamento autonómico destaca que este acordo supón un paso máis na consolidación do marco de diálogo e consenso nas relacións laborais

**Santiago, 25 de marzo de 2013**.- O Goberno galego amosou o seu apoio ao novo Acordo galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) que asinaron os principais axentes sociais de Galicia, os tres sindicatos maioritarios e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG).

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu en Santiago a sinatura do novo texto que actualiza un instrumento que permitiu alcanzar nos últimos 20 anos unha solución negociada a conflitos laborais que afectaron a máis de 700.000 traballadores e 78.000 empresas. Só en 2012 beneficiou a 32.000 traballadores e 3.000 empresas, acadando unha porcentaxe de conflitos solucionados do 90 por cento.

"AGA evitou que centos de conflitos puidesen chegar á vía xudicial, mediando neles e establecendo pontes de entendemento entre as distintas partes", apuntou a conselleira, quen lembrou que este acordo, asinado por primeira vez en Galicia en 1992, foi o segundo deste tipo que se firmou en toda España.

O novo acordo adáptase aos cambios lexislativos e abre novos camiños de actuación. Así, introdúcense modificacións na solución de discrepancias durante as negociacións que preceden a descolgues e inaplicacións de convenios colectivos e na substitución dos períodos de consultas anteriores aos traslados, modificacións, suspensións de contratos e despedimentos colectivos. Tamén inclúe novidades na procura dunha solución en bloqueos na negociación dun convenio colectivo; na solución de discrepancias no seno das comisións paritarias; e na posibilidade de que un xuíz remita á mediación os períodos de consultas para un ERE extintivo ou de suspensión.

"Trátase dunha ferramenta deseñada para o diálogo e baseada no consenso", indicou a conselleira, quen gabou o feito de que o acordo fose asinado polos principais axentes sociais de Galicia.

O AGA é un procedemento gratuíto, e "de gran calidade, celeridade e eficacia". Na actualidade conta con 53 mediadores e árbitros e ofrece unha solución moito máis rápida da que se obtería no caso de ter que recorrer á vía xudicial.






A conselleira de Traballo e Benestar presidiu a sinatura do acordo

# Preto de 400 desempregados beneficiáronse ata o momento dos cursos de Empreganav para a inserción de traballadores do metal

- O programa, que executa o Goberno galego, ten como obxectivo a recolocación de 450 persoas
- Na actualidade, a iniciativa atópase na fase de formación e xa se iniciaron os primeiros contactos con empresas do sector
- Impartíronse, ata a data, 30 accións formativas e nestes momentos hai outras 5 en execución das que se beneficiarán 64 persoas
- A parte de formación completarase nos próximos meses con 56 cursos máis
- Empreganav conta cun orzamento de 3,1 millóns de euros e foi acordado na Mesa do Naval do diálogo social.

De feito, comeza a primeira edicSantiago, 30 de marzo de 2013.- Empreganav, o programa que está a executar o Goberno galego para a inserción laboral de 450 persoas desempregadas do sector do metal, atópase na actualidade na fase de formación e xa se iniciaron os primeiros contactos con empresas para a recolocación dos traballadores e traballadoras.

Así, ata a data xa se beneficiaron dos 30 cursos que se impartiron preto de 400 persoas. En total, estas accións incluíron máis de 1.000 horas de formación centradas en diversas temáticas: informática, inglés, operador de carretillas elevadoras ou soldadura.

Na actualidade estanse a impartir 5 cursos nos que participan 64 persoas e nos próximos meses está previsto o desenvolvemento doutras 56 accións formativas.

Estas actuacións realízanse en diferentes puntos da xeografía galega: As Pontes, A Coruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Vigo e na zona de Condado/Paradanta.

Empreganav foi acordado na Mesa do Naval do diálogo social para aqueles traballadores e traballadoras do sector do metal que perderon o seu posto laboral entre marzo e decembro de 2011. A iniciativa conta cun orzamento de 3,1 millóns de euros financiado polo Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) e polas consellerías de Traballo e Benestar e Economía e Industria.

Ademais desta partida económica, destínanse 500.000 euros para incentivos á participación que axudan os traballadores a sufragar os gastos que implican a súa asistencia ao programa, como de desprazamento ou para a conciliación familiar.

As diferentes fases

O proxecto, que busca, polo tanto, elaborar un itinerario de inserción laboral personalizado para cada traballador, consta de 7 áreas.

O programa seguirá desenvolvéndose ata o primeiro trimestre de 2014, e nos próximos meses centrarase, ademais das accións de formación, no apoio á recolocación. Farase mediante unha análise continua do tecido industrial do sector para detectar as necesidades das empresas, e comprobar que ofertas de emprego se adecúan aos itinerarios profesionais dos participantes no programa.

Información e orientación

O programa Empreganav comezou no segundo semestre do ano pasado cunha serie de xornadas informativas nas cidades cun tecido industrial do metal e auxiliar do naval (Vigo, A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense e Vilagarcía).

A segunda fase centrouse nas medidas de sensibilización que se levaron a cabo a través de distintos obradoiros: de xestión do cambio, de acreditación de certificados de profesionalidade, de retorno ás aulas e de fomento do espírito emprendedor.

A terceira fase consistiu na orientación laboral aos traballadores, que proporcionaron datos sobre a súa dispoñibilidade, preferencias, experiencia e aptitudes profesionais para elaborar un perfil de cada traballador e un itinerario personalizado.

Con este programa favorecerase a mellora da empregabilidade dos desempregados do naval, a súa reciclaxe profesional e a súa recolocación no propio sector ou noutro distinto. Empreganav segue o exemplo de EmpregaTex que se levou a cabo entre 2010 e 2012 para desempregados do téxtil e acadou unha inserción laboral do 60%.

http://empreganav.com/






## O desemprego baixa en Galicia no mes de marzo en 1.636 persoas

**Santiago, 2 de abril de 2013.**- O desemprego rexistrou no mes de marzo en Galicia un descenso de 1.636 persoas, o que se traduce en termos relativos nun -0,56%. Esta cifra sitúa a esta comunidade autónoma como a terceira na que se rexistra unha maior baixada do número de parados, tanto en termos absolutos como en relativos. Tras este dato, o número total de desempregados rexistrado en Galicia o pasado mes foi de 291.187.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, valorou positivamente o feito de que descendese o número de parados, aínda que matizou que hai que tomar este dato con cautela e esperar á evolución dos próximos meses.

Salientou que se trata da primeira diminución dun mes de marzo desde 2008, e precisou que, remitíndose ao histórico desde 2005, esta é a terceira maior baixada nestas datas. Ademais, Galicia representa case o 35 por cento da baixada total do Estado.

Fixo fincapé, tamén, na contención da destrución de emprego que se reflicte na evolución interanual. Así, en marzo o incremento interanual situouse nun 5,20 por cento, o que supón mellorar en case seis puntos o dato que se rexistrou no mesmo mes do ano anterior.

En comparación co Estado, o comportamento de Galicia é mellor que o da media, tanto a nivel mensual como interanual. En España, neste mes de marzo o descenso mensual do desemprego foi do 0,1 por cento (-4.979 desempregados), fronte ao 0,56 por cento galego. En interanual, pola súa banda, a comunidade autónoma situouse en case oito décimas por debaixo do dato estatal.

Por sectores, os servizos son os que concentran fundamentalmente o descenso, con 1.570 desempregados menos. A continuación sitúase a construción (-206), e a industria (-175). Pola contra, aumenta no colectivo sen emprego anterior (+196), e na agricultura e na pesca (+119).

Por provincias, o paro baixou en todas elas. O maior descenso foi na Coruña (-888), seguida por Pontevedra (-347), Lugo (-252) e Ourense (-149).

En canto aos contratos, no mes de marzo rexistráronse en Galicia un total de 43.270, 2.468 contratos máis que no mes anterior. Deste total, 4.226 foron indefinidos (9,77 por cento) e 39.044 temporais (90,23%).




| | Parados mes | Variación relativa mes anterior |
|---|---|---|
| Illes Balears | 90.576 | -3,59 |
| Cantabria | 58.687 | -1,00 |
| Galicia | 291.187 | -0,56 |
| Murcia | 159.364 | -0,44 |
| Castela e León | 249.405 | -0,38 |
| Valencia | 591.125 | -0,38 |
| Asturias | 107.350 | -0,30 |
| Castela-A Mancha | 274.210 | -0,17 |
| Cataluña | 664.050 | -0,17 |
| Navarra | 56.486 | -0,07 |
| Canarias | 291.672 | 0,07 |
| Andalucía | 1.126.452 | 0,12 |
| Madrid | 571.751 | 0,30 |
| Estremadura | 152.869 | 0,40 |
| Aragón | 116.855 | 0,59 |
| País Vasco | 179.341 | 0,75 |
| A Rioxa | 29.371 | 1,05 |
| Melilla | 11.870 | 1,11 |
| Ceuta | 12.622 | 1,51 |
| **TOTAL** | **5.035.243** | **-0,10** |

**VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA**
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)







http://emprego.xunta.es

# A Xunta remata a elaboración do Plan para a modernización tecnolóxica do Sistema galego de servizos sociais

- A integración das TIC no sistema mellorará a xestión e facilitará o labor dos preto de 30.000 profesionais desta área na Comunidade
- Reducirá custos administrativos e prazos de tramitación e permitirá compartir información e recursos entre todas as administracións
- Posibilitará a coordinación entre o sistema de servizos sociais e o sanitario para avanzar na implantación efectiva da historia social única dos usuarios
- O plan elaborouse de xeito coordinado entre a Amtega, a Consellería de Traballo e e Benestar e o Sergas en colaboración coa Dirección Xeral de Administración Local, Dirección Xeral de Xustiza e a Secretaría Xeral de Igualdade



**Santiago, 18 de marzo de 2013**.- A Xunta porá en marcha un Plan para a modernización tecnolóxica do Sistema galego de servizos Sociais, un instrumento de apoio á planificación estratéxica deste área clave para a comunidade, que xestiona a atención e as prestacións de máis de 1,6 millóns de galegos.

Coa integración das TIC na xestión dos servizos sociais búscase garantir a sostibilidade do sistema, mellorando a capacidade e calidade de atención, reducindo custes administrativos e optimizando os recursos existentes. E todo isto, priorizando a coordinación sociosanitaria para conseguir unha maior eficiencia do sistema e conseguir dar maior cobertura á demanda que está en aumento

O Comité de dirección do proxecto, promovido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar en estreita colaboración co Servizo Galego de Saúde, aprobou o documento definitivo do plan para ser remitido ao Consello da Xunta.

### Integración dos sistemas de información

Unha das claves do plan é acadar un sistema integrado con toda a información relevante dos usuarios e coa carteira de servizos global, dispoñible para todos os axentes e procesos implicados. Isto facilitará a implantación efectiva da historia social única dos usuarios que nun futuro poderá integrarse coa historia clínica e simplificará o labor dos preto de 30.000 profesionais que integran o Sistema galego de servizos sociais.

A nivel asistencial o plan contribuirá a incrementar o número de persoas atendidas, favorecerá o autocoidado preventivo no fogar mediante servizos de teleasistencia avanzada e facilitará a disposición de información para predicir necesidades e poder desenvolver políticas de prevención.

Para conseguir estes obxectivos, o plan implica a colaboración de todo o sector, desde as administracións, aos centros de atención, profesionais colectivos na atención social para unha mellor xestión das prestacións sociais axilizando os tempos de resposta e optimizando os recursos das diferentes administracións.

### Impulso do tecido empresarial e do sector TIC

As medidas establecidas no plan contribuirán ao desenvolvemento dun novo sector empresarial e profesional de notable impacto produtivo e de xeración de emprego, no que Galicia pode ser un referente nacional e internacional

Ademais, suporá un forte impulso ao sector TIC galego que poderá desenvolver proxectos innovadores no eido sociosanitario ao abeiro do plan.

# Benestar intercambia experiencias co Centro de Tecnoloxías da Accesibilidade para a mellora das persoas con discapacidade

**Santiago, 13 de marzo de 2013**.- A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, mantivo en Santiago unha xuntanza con responsables do Centro Nacional de Tecnoloxías da Accesibilidade (Centac) para intercambiar experiencias co obxectivo de seguir avanzando na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.

Deste xeito, Piñeiro destacou no transcurso da reunión que a Consellería de Traballo e Benestar ten previsto tramitar neste período de sesións a nova Lei de accesibilidade para a súa aprobación no Parlamento de Galicia.

A secretaria xeral lembrou que o novo texto introducirá unha visión máis ampla, que vai máis alá do urbanismo e da edificación, regulando tamén outras barreiras que limitan a igualdade de oportunidades, como as de comunicación ou de acceso ás tecnoloxías.

"Coa nova normativa o que se pretende é que a accesibilidade sexa universal e que se converta nun deseño para todos; son os dous conceptos fundamentais que introduce a nova lei", apuntou Piñeiro, ao tempo que detallou que a normativa non só contemplará unha eliminación de barreiras arquitectónicas, senón que irá máis alá e incluirá o concepto de accesibilidade no ámbito da comunicación: accesibilidade no acceso ás web, na lectura, nas telecomunicacións.

O Centro Nacional de Tecnoloxías da Accesibilidade é unha organización que ten como obxectivo principal promover o desenvolvemento das tecnoloxías da accesibilidade en todos os ámbitos posibles, co fin último de facilitar a integración social, a igualdade no acceso ás tecnoloxías da Sociedade da Información e, en conclusión, de mellorar a vida das persoas con discapacidade.

http://www.centac.es/?q=es

centac

# Benestar convoca máis de 600 prazas para estadías en balnearios dirixidas ás persoas maiores de Galicia

**Santiago, 18 de marzo de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de convocar unha nova edición do programa 'Benestar en balnearios' co que se pretende contribuír ao mantemento da autonomía das persoas maiores, facilitándolles a posibilidade de gozar duns días de descanso, convivencia e tratamento termal, ocupando o seu tempo libre dun xeito activo e positivo.

Nesta ocasión convócanse 603 prazas repartidas por toda Galicia. En concreto, nos balnearios de Acuña en Caldas de Reis (Pontevedra), Arnoia en Ourense, Augas Santas en Ferreira de Pantón (Lugo), Baños de Brea en Vila de Cruces (Pontevedra), Baños de Molgas en Ourense, Caldelas de Tui en Tui (Pontevedra), O Carballiño (Ourense), Carballo, (A Coruña), Cuntis (Pontevedra), Laias en Cenlle (Ourense), Lobios (Ourense), Río Pambre en Palas de Rei (Lugo) e Termas romanas de Lugo.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 12 de abril e os interesados xa poden acceder á información e ao modelo de solicitude na web da Consellería http://traballoebenestar.xunta.es.

Esta iniciativa, enmarcada no Plan galego das persoas maiores 2010-2013, facilita ás persoas con menos recursos a posibilidade de gozar duns días de tratamento termal en balnearios emprazados en Galicia. A duración da estadía é de dez días (nove noites).

O custo, logo da subvención da Xunta, oscila entre os 370 e 390 euros os dez días e inclúe a estadía en habitacións compartidas, en réxime de pensión completa en balnearios, hoteis ou residencias; tratamento termal, segundo prescrición facultativa; e actividades de animación sociocutural.

Para participar nesta iniciativa é necesario ter máis de 65 anos ou 60 reunindo a condición de pensionista, residir en Galicia, valerse por si mesmo, non padecer enfermidades infecto-contaxiosas nin trastornos mentais ou de conduta.

http://benestar.xunta.es/web/portal/planseprogramas?p_p_




# Feijóo afirma que a estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia marcará a folla de ruta das políticas de prevención e promoción da autonomía persoal en Galicia



O titular da Xunta presidiu, esta tarde, o acto de presentación do informe Una vejez activa en España

**Santiago, 05 de marzo de 2013**.- O presidente do Goberno galego, Alberto Nuñez Feijóo, avanzou, hoxe, no acto de presentación do informe Una vejez activa en España, que a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, que está ultimando a Xunta e que ten como horizonte o 2020, servirá para marcar a folla de ruta das políticas de prevención e promoción da autonomía persoal no ámbito da comunidade.

Segundo explicou o titular do Executivo autonómico, esta estratexia recollerá actuacións encamiñadas a alcanzar varios obxectivos, entre os que destacan: a concienciación social en relación coa adopción de hábitos de vida saudables; o aumento da esperanza de vida libre de dependencia; e a mellora da calidade de vida daqueles que teñen algunha dependencia.

Durante a súa intervención, Feijóo destacou que o Goberno galego está a traballar, xa desde a anterior lexislatura, en ferramentas para conseguir este obxectivo: un envellecemento activo. E, neste sentido, referiuse ao Plan galego de persoas maiores 2010-2013, que contou na súa elaboración coa participación de asociacións, federacións e entidades que representan a este colectivo e cuxo eixe vertebrador é o envellecemento activo e a promoción da autonomía persoal.

Así mesmo, e sabedores que unha das claves máis efectivas para lograr un envellecemento activo é a prevención, o presidente do Goberno galego destacou a posta en marcha do Plan Galicia saudable, para fomentar a actividade física e con medidas encamiñadas á introdución entre a cidadanía de novos hábitos de vida saudables, evitando o sedentarismo, procurando un estilo de vida máis activo e promovendo o exercicio físico diario, desde os máis novos ata os nosos maiores. "E tamén –engadiu- puxemos en marcha outras iniciativas como o proxecto Envellecemento +activo, un programa de cooperación que temos entre España e Portugal, con fondos europeos para o seu financiamento".

Feijóo asegurou que a esperanza de vida, a autonomía persoal e o non caer na dependencia, ten moito que ver co incremento da calidade asistencial; "e por iso temos que seguir apostando polos servizos sanitarios: colocar o paciente como o centro do sistema; e, en segundo lugar, a xeneralización das tecnoloxías –historia clínica electrónica, receita electrónica...- que posibilita unha utilización dos servizos públicos máis eficientes".

# Política social

## Benestar e os fiscais de protección de menores reuniranse todos os anos para coordinar as actuacións relativas á infancia

**Santiago, 19 de marzo de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar e os fiscais de protección de menores das catro provincias galegas manterán un encontro anual para coordinar as súas actuacións relativas á infancia.

Así o acordaron nun encontro mantido en Santiago entre a directora de Familia e Inclusión, Amparo González, e o fiscal xefe de Galicia, Carlos Varela, que contou coa presenza dos fiscais de protección de menores das catro provincias galegas.

Segundo indicou a directora xeral de Familia e Inclusión, este encontro convocarase con carácter ordinario unha vez ao ano, se ben terá lugar unha coordinación diaria entre as partes, así como outras posibles reunións extraordinarias por motivos concretos que poidan xurdir ao longo do exercicio.

A responsable de Familia valorou que se tratou dunha reunión "moi produtiva" na que se puxo de manifesto "o compromiso mutuo de colaborar para dar solución a diferentes problemas que se presentan de forma habitual na intervención coa infancia".

Amparo González engadiu que no encontro se tomaron acordos relativos a temas como as tutelas ordinarias, os centros de protección ou as responsabilidades parentais.



Amparo González González co Fiscal Xefe de Galicia, Carlos Varela

## Unha "escola de pais" axuda a internos de Teixeiro a preparar o reencontro coas súas familias ao abandonar o centro

- Impártese en sesións semanais de hora e media de duración e prolongarase ata mediados de xuño
- Formúlase como un espazo lúdico e participativo para pais con fillos de entre 6 e 12 anos
- Esta acción enmárcase nun programa de preparación para a vida en liberdade desenvolvido polo Plan de Inclusión da Xunta de Galicia nese centro penitenciario.

**Santiago, 3 de marzo de 2013**.- A Escola de pais é un obradoiro no que internos do módulo 1 de Teixeiro abordan e preparan o seu reencontro coas súas familias, e concretamente cos seus fillos e fillas, cando saian en liberdade. Todos os participantes abandonarán ese centro penitenciario nos próximos meses.

O obradoiro busca axudar aos asistentes a valorar a importancia do seu papel no desenvolvemento e na educación dos seus fillos e fillas, así como a desenvolver competencias educativas e de relacións.

